

## Anexo III

### MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

#### 1. Identificación da programación

##### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025530	IES DA POBRA DO CARAMIÑAL	POBRA DO CARAMIÑAL	2023-2024

##### Ciclo formativo

Código da familia	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	SANIDADE	CM19001	COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERÍA	MEDIO	RÉXIME DE PROBA LIBRE

##### Módulo profesional

Código MP/UF	Nome	Curso	Horas
CM0310	TÉCNICAS BÁSICAS DE ENFERMARÍA	1º	320

##### Profesorado responsable

María Vilares Sánchez / Belén Varela Neira

#### 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

##### 2.1. Primeira parte da proba

##### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1: Analizar os procedementos técnicos necesarios e realizar a hixiene persoal dun paciente ou cliente en función do seu estado, idade e/ou situación, informando da técnica a realizar e respectando a súa intimidade.
RA 2: Identificar e aplicar os procedementos técnicos adecuados para realizar a recolleita de excretas en función do estado e necesidades do paciente/cliente
RA 3: Adaptar os protocolos de mobilización e traslado dun paciente ou cliente en función do seu estado e necesidades.
RA 4: Axudar na deambulación dun paciente ou cliente segundo as súas necesidades utilizando os medios de soporte precisos segundo o caso.
RA 5: Analizar e preparar os procedementos técnicos necesarios para facilitar a observación e/ou exploración médica do paciente ou cliente en función do seu estado e condicións físicas tanto en atención hospitalaria como domiciliaria.



RA 6: Realizar a toma de constantes vitais e efectuar o seu rexistro gráfico.
RA 7: Identificar as diferentes técnicas de administración de dietas que permitan manter nos pacientes unha nutrición adecuada.
RA 8: Administrar alimentación a un paciente cliente a través dunha sonda.
RA 9: Valorar a influencia dos refugallos así como a importancia da súa correcta eliminación para evitar a incidencia negativa no medio ambiente.
RA10: Efectuar a recollida de excretas e elaborar o balance hídrico do paciente/cliente.
RA11: Analizar os procedementos necesarios e realizar a hixiene, alimentación e coidados da nai e do neonato segundo os protocolos establecidos.
RA12: Interpretar ordes de tratamento, precisando a vía de administración e o material para utilizar en función da técnica a aplicar.
RA13: Preparar a medicación aplicando os criterios de equivalencia necesarios para a preparación de medicación.
RA14: Aplicar técnicas de hidroterapia segundo o estado e necesidades do paciente cliente.
RA15: Colaborar na atención preoperatoria e postoperatoria do paciente aplicando os coidados físicos e psicolóxicos adecuados.
RA16: Analizar as técnicas de asistencia sanitaria de urxencia determinando e aplicando a máis adecuada en función da situación e estado do paciente.
RA17: Aplicar, utilizar e realizar as técnicas necesarias dos coidados postmortem.
RA18: Comprender e ter sensibilidade ante o estado emocional do paciente e do seu contorno, durante a aplicación dos coidados básicos de enfermaría.

**2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

Criterios de avaliación do currículo
Identificáronse os conceptos de saúde e os seus determinantes
Definíronse as necidades do ser human e as etapas do PAE
Diferenciáronse os distintos tipos de células e os seus orgánulos
Definíronse correctamente o concepto de tecido e clasificáronse os distintos tipos de tecidos
Identificáronse as direccións e os planos corporais
Identificáronse os órganos dentro das súas cavidades
Identificáronse as estruturas anatómicas da pel e anexos cutáneos
Recoñecéronse as diferentes lesións da pel
Explicáronse as patoloxías básicas da pel e anexos cutáneos
Explicáronse as normas xerais de aplicación na hixiene dos pacientes
Identificáronse os coidados hixiénicos requiridos por un paciente, explicando os criterios de selección das técnicas en función das súas necesidades.
Identificouse os osos, músculos e articulacións.
Descríbóronse a patoloxía máis común do aparato locomotor
Seleccionáronse as medidas de hixiene postural mais adecuadas para a realización de mobilizacións
Explicáronse os mecanismos de produción das úlceras por presión e os lugares anatómicos de aparición máis



frecuente
Identificáronse en laminas ou debuxos distintos graos de UPP.
Explicáronse as principais medidas preventivas para evitar a aparición de UPP
Sinaláronse os produtos sanitarios para a prevención de UPP
Seleccionouse e preparouse o material necesario para curar unha UPP
Descríbóronse as constantes vitais e os seus valores normais
Identificáronse os materiais necesarios para a realización da toma de constantes vitais
Seleccionáronse as zonas anatómicas adecuadas para a obtención da cada unha das constantes vitais
Realizouse a toma de constantes vitais de forma correcta
Analizáronse os diferentes apartados da gráfica
Confecionouse unha gráfica de rexistro a partir dos valores obtidos por medición dos alumnos na aula
Realizouse un balance hídrico
Explicáronse as características anatómicas do aparato cardiovascular
Explicáronse as características fisiolóxicas do aparato cardiovascular
Descríbóronse as principais patoloxías do aparato cardiovascular
Identificouse a anatomía do aparato respiratorio
Descríbiuse a fisioloxía do aparato respiratorio
Identificáronse as principais patoloxías do aparato respiratorio
Descríbóronse as indicacións da oxigenoterapia
Aplicáronse as técnicas de ventiloterapia
Realizáronse os coidados de hixiene nun paciente intubado
Identificáronse as estruturas do aparato dixestivo
Relacionouse a fisioloxía do aparato dixestivo e as súas alteracións máis habituais
Clasificáronse os distintos tipos de alimentos en base aos nutrientes
Descríbóronse as características nutritivas do distintos tipos de dietas
Identificáronse os materiais e realizáronse as distintas técnicas de apoio á alimentación oral, enteral e parenteral
Identificáronse as estruturas do aparello urinario
Descríbiuse a fisioloxía do aparello urinario
Analizáronse as patoloxías máis frecuentes do sistema renal
Seleccionouse o material e realizáronse os coidados da sonda vesical
Descríbóronse as técnicas e seleccionouse o material de recollida de mostras de ouriña
Descríbiuse a anatomía do aparato xenital feminino e masculino
Descríbiuse a fisioloxía de ambos aparatos
Identificáronse as patoloxías máis frecuentes
Aplicáronse coidados de enfermaría á muller embarazada, así como durante o parto e durante o puerperio
Identificáronse os elementos do test apgar
Realizáronse as técnicas de medición e pesada do RN
Elaborouse un cadro coas diferencias entre lactancia materna e artificial
Descríbóronse os cambios biolóxicos, psíquicos e sociais dos anciáns
Aplicáronse distintas escalas de necesidades dos anciáns
Realizouse un plan de coidados encamiñado aos anciáns que viven sós e outo para os institucionalizados
Descríbóronse os fases de paciente terminal e os signos de morte



Descríbonse os cuidados de enfermaría ao paciente terminal
Identifícanse os distintos tipos de cirurxía
Realízouse a preparación dun paciente para ir a quirófano
Realízouse un protocolo de cuidados postoperatorios
Identifícanse os distintos tipos de drenaxes
Aplicáronse os cuidados de enfermaría en relación coas drenaxes
Descríbonse os procesos que sofren os medicamentos no organismo
Descríbonse as vías de administración de fármacos
Clasifícanse os medicamentos en función da patoloxía
Interpretouse correctamente a información contida nos envases e nos prospectos dos medicamentos
Explicáronse e aplicáronse os procedementos de administración de medicamentos por distintas vías
Calculouse correctamente a dose de fármaco a administrar.
Explicáronse as accións terapéuticas do frío e calor sobre o organismo humano e as súas indicacións
Explicáronse as aplicacións terapéuticas das técnicas hidrotermais e as súas indicacións
Levou a caba a preparación de pacientes para a realización das diferentes probas diagnósticas
Realízouse a preparación do material utilizado nas distintas probas diagnósticas
Colaborouse na recollida, transporte e conservación das mostras biolóxicas.
Realízouse a triaxe
Realízouse a valoración da consciencia
Realizáronse as diferentes técnicas de soporte vital
Realizouse a secuencia de actuación ante distintos tipos de hemorragias
Explicáronse os distintos tipos de queimaduras, causticacións e conxelación en función da súa gravidade
Seleccionáronse as técnicas axeitadas ante lesións traumatolóxicas

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1: Analizar os procedementos técnicos necesarios e realiza a hixiene persoal dun paciente ou cliente en función do seu estado, idade e/ou situación, informando da técnica a realizar e respectando a súa intimidade.
RA 2: Identificar e aplicar os procedementos técnicos adecuados para realizar a recolleita de excretas en función do estado e necesidades do paciente/cliente
RA 3: Adaptar os protocolos de mobilización e traslado dun paciente ou cliente en función do seu estado e necesidades.
RA 4: Axudar na deambulacón dun paciente ou cliente segundo as súas necesidades utilizando os medios de soporte precisos segundo o caso.
RA 5: Analizar e preparar os procedementos técnicos necesarios para facilitar a observación e/ou exploración médica do paciente ou cliente en función do seu estado e condicións físicas tanto en atención hospitalaria como domiciliaria.
RA 6: Realizar a toma de constantes vitais e efectuar o seu rexistro gráfico.
RA 7: Identificar as diferentes técnicas de administración de dietas que permitan manter nos pacientes unha nutrición adecuada.
RA 8: Administrar la alimentación a un paciente cliente a través dunha sonda.

RA 9: Valorar a influencia dos refugallos así como a importancia da súa correcta eliminación para evitar a incidencia negativa no medio ambiente.
RA10: Efectuar a recollida de excretas e elaborar o balance hídrico do paciente/cliente.
RA11: Analizar os procedementos necesarios e realizar a hixiene, alimentación e cuidados da nai e do neonato segundo os protocolos establecidos.
RA12: Interpretar ordes de tratamento, precisando a vía de administración e o material para utilizar en función da técnica a aplicar.
RA13: Preparar a medicación aplicando os criterios de equivalencia necesarios para a preparación de medicación.
RA14: Aplicar técnicas de hidroterapia segundo o estado e necesidades do paciente cliente.
RA15: Colaborar na atención preoperatoria e postoperatoria do paciente aplicando os cuidados físicos e psicolóxicos adecuados.
RA16: Analizar as técnicas de asistencia sanitaria de urxencia determinando e aplicando a máis adecuada en función da situación e estado do paciente.
RA17: Aplicar, utilizar e realizar as técnicas necesarias dos cuidados postmortem.
RA18: Comprender e ter sensibilidade ante o estado emocional do paciente e do seu contorno, durante a aplicación dos cuidados básicos de enfermaría.

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
Nun suposto práctico de hixiene persoal, convenientemente caracterizado, seleccionáronse correctamente os medios materiais que se van utilizar.
Nun suposto práctico de hixiene persoal, convenientemente caracterizado, realizáronse as técnicas correctas de aseo xeral, aseo parcial, lavado de cabelo e de boca e dentes
Realizáronse as mobilizacións do paciente en función das súas necesidades.
Seleccionouse e preparouse o material necesario para curar unha UPP
Realizouse a toma de constantes vitais de forma correcta
Confecionouse unha gráfica de rexistro a partir dos valores obtidos por medición dos alumnos na aula
Realizouse un balance hídrico
Aplicáronse as técnicas de drenaxe postural
Aplicáronse as técnicas de ventiloterapia
Realizáronse os cuidados de hixiene nun paciente intubado
Identificáronse os materiais e realizáronse as distintas técnicas de apoio á alimentación oral, enteral e parenteral
Seleccionouse o material e realizouse unha sondaxe rectal e administración de enemas
Seleccionouse o material e realizouse un cambio dunha bolsa de colostomía
Seleccionouse o material e realizáronse os cuidados da sonda vesical
Describíronse as técnicas e seleccionouse o material de recollida de mostras de ouriña
Aplicáronse cuidados de enfermaría á muller embarazada, así como durante o parto e durante o puerperio
Realizáronse as técnicas de medición e pesada do RN



Aplicáronse distintas escalas de necesidades dos anciáns
Realizouse a mortalla
Realizouse a preparación dun paciente para ir a quirófano
Realizouse un protocolo de cuidados postoperatorios
Aplicáronse os cuidados de enfermaría en relación coas drenaxes
Explicáronse e aplicáronse os procedementos de administración de medicamentos por distintas vías
Preparouse o material necesario para a administración de medicamentos
Calculouse correctamente a dose de fármaco a administrar.
Levoue a caba a preparación de pacientes para a realización das diferentes probas diagnósticas
Realizouse a preparación do material utilizado nas distintas probas diagnósticas
Colaborouse na recollida, transporte e conservación das mostras biolóxicas.
Realizouse a triaxe
Realizouse a valoración da consciencia
Realizáronse as diferentes técnicas de soporte vital
Realizouse a secuencia de actuación ante distintos tipos de hemorragias

### 3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

#### MÍNIMOS EXIXIBLES:

Considéranse como mínimos exixibles todos os criterios teóricos e prácticos indicados na presente programación.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo profesional levarase a cabo a través da realización das dúas partes da proba, por parte da persoa aspirante, ante o profesor ou profesora do módulo.

a) Primeira parte da proba. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

O profesor ou profesora do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do IES da Pobra do Caramiñal.

b) Segunda parte da proba. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

O profesor ou profesora do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte. Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do IES da Pobra do Caramiñal.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

## **AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E RECLAMACIÓN:**

A avaliación da proba libre realizarase nos termos previstos no artigo 37 da Orde do 12 de xullo de 2011 e a expresión da cualificación final obtida por cada aspirante no presente módulo profesional será numérica, entre un e dez, sen decimais.

A cualificación final correspondente da proba do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

As persoas aspirantes poderán presentar reclamación contra as cualificacións finais alcanzadas do módulo no IES da Pobra do Caramiñal, consonte o procedemento establecido no artigo 45.2 da citada Orde do 12 de xullo de 2011. As referidas reclamacións deberán basearse nalgún dos seguintes aspectos:

- a) A avaliación que se levou a cabo non foi adecuada aos resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación recollidos na correspondente programación.
- b) Os instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme o sinalado na programación.
- c) A aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación para a superación das partes da proba do módulo profesional non foi correcta

## **4. Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento**

### **4.1. Primeira parte da proba**

Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita de preguntas tipo test de resposta única, e/ou preguntas de verdadeiro/falso, e/ou preguntas curtas, e/ou preguntas a desenvolver e/ou imaxes, na que se desenvolverán todos aqueles CA (criterios de avaliación) sinalados anteriormente (apartado 2.1.2.).

As pautas para a realización de dita proba son as seguintes:

- As preguntas mal respostadas puntuarán negativo, cunha proporción 2:1, é dicir, cada pregunta mal respostada, restará a metade do valor dunha pregunta correctamente respostada.
- As preguntas non respostadas non puntuarán, nin positiva nin negativamente.
- Para a superación de esta proba deberá obterse unha cualificación de cinco puntos ou máis.
- A duración da proba teórica será de 2 horas non prorrogables.
- Unicamente serán correxidas as respostas recollidas na planilla de respostas proporcionada polo profesor ou profesora, as cales deben ser perfectamente lexibles. No caso contrario ou dobre resposta, contarán como negativa.
- Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul ou negro non borrable.
- Non se permitirá o acceso á sala do exame con móbiles ou outros dispositivos electrónicos, como reloxos intelixentes.
- Será necesaria a identificación mediante DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado, enriba da mesa.
- Ao finalizar a proba, deixarase a plantilla de respostas volteada enriba da mesa, xunto coas preguntas do exame.
- Non estará permitido sacar da aula onde se realiza a proba ningún documento.

### **4.2. Segunda parte da proba**

As persoas que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda que terá tamén carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos CA (criterios de avaliación) sinalados anteriormente (apartado 2.2.2.) desta programación.

**IES DA POBRA DO CARAMIÑAL**

Xobre, 22. 15940-A Pobra do Caramiñal, A Coruña

**Teléfono:** 881867064 Fax: 881867077

**Correo electrónico:** ies.pobra.caraminal@edu.xunta.gal

**Páxina web:** [www.edu.xunta.gal/centros/iespobracaraminal/](http://www.edu.xunta.gal/centros/iespobracaraminal/)



**XUNTA  
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Para a superación de esta proba o alumnado deberá acadar unha puntuación mínima de cinco puntos.

A duración da proba práctica será de 2 horas non prorrogables.

Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul ou negro non borrable.

Non se permitirá o acceso á sala do exame con móbiles ou outros dispositivos electrónicos, como reloxs intelixentes.

Será necesaria a identificación mediante DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado.